

BASES DE SELECCIÓN E CONDICIÓN PARA A XESTIÓN DUN APIARIO E DUN OLIVAR



Índice

CLÁUSULA 1. OBJETO.....	3
CLÁUSULA 2. NATUREZA E FINALIDADE DA CESIÓN.....	3
CLÁUSULA 3. DURACIÓN.....	3
CLÁUSULA 4. PERFIL DAS PERSOAS OU ENTIDADES SOLICITANTES.....	4
CLÁUSULA 5. CRITERIOS DE VALORACIÓN.....	4
CLÁUSULA 6. PRODUCCIÓN E DESTINO.....	5
CLÁUSULA 7. OBRIGAS DA PERSOA OU ENTIDADE ADXUDICATARIA.....	6
CLÁUSULA 8. CAUSAS DE RESOLUCIÓN ANTICIPADA.....	6
CLÁUSULA 9. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.....	6
CLÁUSULA 10. RÉXIME XURÍDICO.....	6
CLÁUSULA 11. RÉXIME ECONÓMICO A PARTIR DO QUINTO ANO.....	7



CLÁUSULA 1. OBXECTO

O obxecto das presentes bases é regular o procedemento para a selección dunha persoa física ou xurídica que asumirá a xestión integral dun apiario e dun olivar de carácter demostrativo, postos en marcha polo GDR Terra e Auga no marco do proxecto Mixturando, que contou co apoio da Fundación Biodiversidad del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITECO), no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

A xestión destas instalacións deberá orientarse ao desenvolvemento dunha actividade produtiva viable, sostible e respectuosa co medio, compatible coa conservación da biodiversidade, a xestión activa do territorio e a prevención de incendios forestais.

CLÁUSULA 2. NATUREZA E FINALIDADE DA CESIÓN

A presente convocatoria ten carácter **temporal, experimental e de interese público**, non constituíndo en ningún caso unha concesión patrimonial ni unha explotación permanente.

As terras nas que se localiza o apiario e o olivar son propiedade da CMVMC de Maceira (Covelo), existindo un acordo previo de cesión ao GDR Terra e Auga cun período de carencia de cinco anos. A xestión regulada neste prego queda condicionada ao respecto dos termos dese acordo e aos usos autorizados polos propietarios.

En ningún caso a presente cesión xerará dereitos de propiedade nin expectativa de permanencia unha vez finalizado o período de xestión.

A finalidade da cesión é demostrativa e formativa, vinculada á promoción da bioeconomía, ao impulso do sector agrario e ao apoio a novos perfís emprendedores no territorio do GDR Terra e Auga.

As instalacións poderán ser utilizadas, previo aviso, para visitas técnicas, actividades divulgativas ou accións formativas promovidas polo GDR.

CLÁUSULA 3. DURACIÓN

A xestión terá unha duración inicial de cinco (5) anos, contados desde a sinatura do acordo, podendo ser prorrogada de mutuo acordo entre as partes, previa avaliación positiva do cumprimento dos obxectivos.



CLÁUSULA 4. PERFIL DAS PERSOAS OU ENTIDADES SOLICITANTES

Poderán presentarse persoas físicas ou xurídicas con experiencia ou formación acreditada en:

- Apicultura.
- Olivicultura
- Producción agraria sostible ou ecolóxica.
- Bioeconomía ou xestión agroforestal.

Valorarase especialmente a presentación de proxectos vinculados ao emprendemento agrario, á primeira instalación, ao relevo xeracional ou a procesos de acompañamento promovidos polo GDR.

CLÁUSULA 5. CRITERIOS DE VALORACIÓN

As solicitudes valoraranse cun máximo de 100 puntos :

5.1 Memoria técnica e proposta de xestión (60 PUNTOS)

A memoria valorada será o documento principal da candidatura e deberá incluír, como mínimo:

- A viabilidade técnica e económica.
- A integración funcional entre apiario e olivar.
- O enfoque sostible e ambiental.
- A contribución á prevención de incendios.
- O carácter innovador e demostrativo.
- Descrición xeral do proxecto de xestión do apiario e olivar.
- Metodoloxía de traballo e planificación anual.
- Medidas sanitarias e de prevención de enfermidades.
- Propostas de mellora, sustentabilidade e respecto polo contorno.
- Estratexia de comercialización, de ser o caso.

5.2 Experiencia e formación (15 PUNTOS)

- Formación acreditada en apicultura, olivicultura ou produción agraria sostible.
- Experiencia profesional previa en actividades similares.
- Participación en programas de emprendemento ou acompañamento agrario.



5.3 Xestión conxunta de apiario e olivar (20 PUNTOS)

De ser o caso, documento ou apartado específico no que se describa a capacidade para xestionar simultaneamente o apiario e un olivar, incluíndo:

- Organización do traballo.
- Compatibilidade de ambas actividades.
- Beneficios ambientais e produtivos da xestión conxunta.

5.4 Perfil da persoa solicitante e contribución ao desenvolvemento territorial (5 PUNTOS)

Co obxectivo de favorecer o arraigo territorial, o relevo xeracional e a igualdade de oportunidades no medio rural, valorarase:

- Persoa empadroada nun concello do ámbito territorial do GDR: **4 puntos.**
- Muller titular ou promotora principal do proxecto: **1 punto.**

CLÁUSULA 6. PRODUCCIÓN E DESTINO

A produción obtida do apiario e do olivar durante o período de xestión corresponderá maioritariamente á persoa ou entidade adxudicataria, co obxectivo de garantir a viabilidade económica do proxecto e permitir unha aprendizaxe real en condicións de mercado

Non obstante, en coherencia co carácter demostrativo e de interese público das instalacións, a persoa ou entidade adxudicataria comprométese a entregar ao GDR Terra e Auga o 7 % da produción anual, en especie.

Esta produción destinarase a acción de divulgación, promoción, sensibilización, actividades institucionais ou demostrativas vinculadas aos proxectos do GDR.

A produción poderá igualmente empregarse como recurso formativo en visitas técnicas e procesos de aprendizaxe vinculados ao emprendemento agrario.

A xestión da produción enténdese como parte dun proceso de aprendizaxe progresiva, podendo servir de base para futuros procesos de incorporación agraria ou test de actividade promovidos polo GDR.

CLÁUSULA 7. OBRIGAS DA PERSOA OU ENTIDADE ADXUDICATARIA

A persoa ou entidade seleccionada comprométese a:



- Manter a actividade produtiva de forma continuada.
- Cumprir a normativa sanitaria, ambiental e sectorial
- Conservar as instalacións en bo estado.
- Non destinar as infraestruturas a usos alleos ao obxecto do acordo.
- Facilitar accións divulgativas promovidas polo GDR.

CLÁUSULA 8. CAUSAS DE RESOLUCIÓN ANTICIPADA

Serán causas de resolución anticipada:

- O abandono ou cesamento inxustificado da actividade.
- O incumprimento grave das obrigas establecidas.
- A utilización das instalacións para fins alleos.
- O incumprimento da normativa vixente.

CLÁUSULA 9. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes deberán presentarse no prazo e na forma indicados nas presentes bases, acompañadas dunha memoria explicativa da proposta de xestión que se pretende desenvolver.

O prazo de presentación será de **sete (7) días naturais**, contados desde o día seguinte ao da publicación destas bases. As solicitudes deberán formalizarse mediante instancia xeral, presentada a través da sede electrónica do GDR Terra e Auga - Sede Electrónica de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta – Terra e Auga – Inicio.

CLÁUSULA 10. RÉXIME XURÍDICO

O presente prego rexerase polo disposto nel e pola normativa que resulte de aplicación.

CLÁUSULA 11. RÉXIME ECONÓMICO A PARTIR DO QUINTO ANO

Finalizado o período de carencia establecido no acordo entre o GDR Terra e Auga e a CMVMC, e no suposto de continuidade da actividade, poderá establecerse un canon ou prezo de aluguer anual polo uso do apiario e do olivar.



Os criterios que serven de base para a determinación do devandito aluguer serán establecidos e acordados expresamente entre a CMVMC, o GDR e a persoa ou entidade xestora no momento de inicio da xestión, tendo en consideración a razoabilidade, a viabilidade económica do proxecto e o interese público, diferenciando entre o uso do apiario e o uso do olivar.

A fixación destes criterios terá carácter vinculante para as partes, e en ningún caso a aplicación do aluguer poderá ter efectos retroactivos nin afectar ao período inicial de carencia.

En A Cañiza, na data que figura á marxe.

O presidente da Asociación de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta – Terra e Auga,

Juan Pablo Castillo Amigo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

